



APRAFOGA

Asociación Profesional de Axentes
Forestais e Medioambientais de Galicia

COMUNICADO APRAFOGA

Con data de 18 de novembro a Directiva de Aprafoga ven de reunirse coa Directora Xeral de Función Pública, Belén M. do Campo e no que se abordaron diversos temas dos que agora vos informamos de xeito resumido, algúns deles referentes a escritos enviados en datas anteriores:

1.- DIRECTRICES POR PARTE DA D.X. EN CANTO Á ACTIVIDADE CINEXÉTICA CONDICIONADA POLA CRISE SANITARIA:

Manifestou que á súa Dirección Xeral non é competente para ditar normas sobre mobilidade das persoas, neste caso, cazadores. Os encargados, nese caso, é Sanidade e en canto a deportes, sería a DX de Deportes. Polo tanto, debemos cinguirnos á actividade cinexética propiamente (federados poder moverse polo territorio e non federados non poden). Manifestou que a caza si é actividade esencial e a DX de Deportes a inclúe como deporte federado. Debido ao *coladeiro* da mobilidade nos deportes federados, seica están dándolle unha volta na DX de Deportes para *acotar* máis os deportes federados.

Comprometeuse a informarnos se hai modificacións e valorou a posibilidade de facer un escrito con directrices de ser necesario.

2.- REGULAMENTO DE CAZA:

Están traballando na súa elaboración e recollendo información, atreveuse a poñer data, dicindo que contan telo listo no ano 2021.

3.- CREACIÓN DA UNIDADE CANINA CONTRA O VELENO:

Dixo que ía informarse sobre o asunto e poñerse en contacto tanto co compañeiro que xa posúe o can adestrado, así como coa Xefa Territorial de Ourense, para ver como poden encamiñalo.

4.- DEFICIENCIAS NO SERVIZO XURÍDICO DE PONTEVEDRA

Recoñeceu ditas deficiencias e dixo que estaban solicitadas dúas persoas a máis para reforzar dito Servizo. Entendeu o noso enfado en canto a esta situación e subliñou que estarían pendentes para que ditas denuncias foran incoadas.



APRAFOGA

Asociación Profesional de Axentes
Forestais e Medioambientais de Galicia